

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PIANÍSTICO APLICADO Á PEDAGOXÍA III-IV**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

CURSO 2023-2024

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|--|-------------------------------|----------|----------|----------|---|------------------------------|-----|-----------------------------|--------------------------|-------|
| DISCIPLINA IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PIANÍSTICO APLICADO Á PEDAGOXÍA III-IV | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE: | PEDAGOXÍA | | | | | ITINERARIOS: | | XERAL E DA LINGUAXE MUSICAL | | |
| CARÁCTER: | OBRIGATORIA | | | | | TIPO DE CLASE: | | COLECTIVA | | |
| DEPARTAMENTO: | IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO | | | | | XEFE DE DPTO.: | | PABLO SABIO LADRA | | |
| CURSOS | 1º curso | 2º curso | 3º curso | 4º curso | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA: | | NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA | | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 1 |
| ECTS/CUAD. | | | | | | | 3 | 3 | Observacións: | ----- |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | EMAIL/TEL/WEB | | TITORÍA | | |
| | NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA | | | | | Noemi.salomon@gmail.com | | VENRES 12:00 | | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|---|-----------------------------|
| DESCRITOR: A improvisación como medio expresivo: principios xerais para desenvolve-la capacidade creativa. Tipos de improvisación: libre e condicionada. Formas e estilos de improvisación. Análise de formas improvisadas. Desenvolvemento progresivo da improvisación a partir de elementos musicais (estructuras harmónico-formais, melódicas, rítmicas, etc.) aplicación da improvisación á práctica do acompañamento. | |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: Todos os coñecementos harmónicos e de análise anteriores. | |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS (OPCIONAL) Inda que, en principio, a improvisación musical significa facer un traballo, pasaxe, etc. sen telo planificado con antelación, é imposible facer una improvisación de certo nivel sen antes estudar as ferramentas necesarias para a súa realización de éxito. Estas ferramentas atópanse no coñecemento destas tres disciplinas: harmonía, composición e análise, desenvolvidas de xeito práctico no piano. | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1 T3 T7 T15 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI8 EI9 |
| Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| Potenciar a creatividade a partir do coñecemento e a práctica de técnicas de improvisación a solo ou en conxunto. | T1 T3 T15 X2 X7X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI8 EI9 |
| Adestrar a lectura, a memoria e a interpretación comprensiva a través da análise de cada un dos elementos que integran as obras musicais de diferentes estilos. | T1 T3 T15 X2 X7 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9 |
| Realizar a análise harmónica ao teclado de obras para piano, reducindo a textura polifónica ao seu esquema básico. | T1 T3 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI5 EI7 EI9 |
| Improvisar melodías, acompañamentos ou pezas ya sea libremente ou seguindo pautas establecidas previamente | T1 T3 X2 X7 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9 |

| | |
|---|---|
| Memorizar e desenvolver estruturas harmónicas extraídas de obras do repertorio clásico de diferentes estilos | T1 T3 X2 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17 |
| Desenvolver a capacidade de análise en canto a estruturas harmónicas e formais se refire e comprender a importancia e posibles aplicacións prácticas no seu desenvolvemento musical | T1 T3 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E19 |
| Desenvolver o pensamento consciente mentres se está tocando | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E19 |
| Mostrar o reflexos necesarios para resolver no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir durante a interpretación | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E19 |
| Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E1 2 E13 E14 E15 E17 E19 |
| Aprender a usar recursos tecnolóxicos para axudar a desenvolver a improvisación en grupo | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E19 E19 |

| 4. CONTIDOS | | |
|---|--|-----------------|
| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS 1º CUADRIMESTRE (Impro e acompañamento III) | SESIÓNS |
| 1. O Acorde. Estructuras harmónicas. Patróns. | 1.1 Estructuras harmónicas: Os acordes en inversión. Desenvolvemento por inversión. Enlaces. 1.2 Patróns rítmicos, melódicos e de acompañamento da música de finais do século XIX ata a actualidade. 1.3 Tonalidades maiores e menores. Escalas modais. Outras escalas. Círculo de quintas. Graos I-II-III-IV-V-V7-VI- VII-V do V. 1.4 Acordes de sexta. Acordes de sétima. Acordes de novena. 1.5 Cifrado harmónico. Cifrado americano. 1.6 Redución harmónica 1.7 Variacións rítmicas, melódicas e na textura. 1.8 Estructuras harmónicas de oito compases. 1.9 Redución harmónica. 1.10 Progresións. | 6 |
| 2. Creación melódica | 2.1 Construción do motivo con notas reais, notas de paso, floreos, apoiaturas, anticipacións e retardos. 2.2 Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace e/ou transporte 2.3 Melodía eixo. 2.4 Células, motivos, semifrases e frases. 2.5 Frases de oito compases. Pregunta-resposta. 2.5 Creación melódica en base as harmonías traballadas | 2 |
| 3. Improvisación e Acompañamento | 3.1 Acompañamento de cancións infantís, cancións populares, leccións de solfexo e melodías clásicas, tendo en conta os contidos anteriormente tratados. 3.2 Improvisación imitativa e libre en base aos contidos traballados | 6 |
| 4. Repaso dos contidos tratados | 4.1 Repaso, afianzamento e traballados cuestións que poidan xurdir sobre os contidos | 2 |
| TOTAL SESIÓNS: | | 16 ¹ |
| 4. CONTIDOS | | |
| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS 2º CUADRIMESTRE (Impro e acompañamento IV) | SESIÓNS |
| 1. O acorde. Estructuras harmónicas. Patróns. | 1.1 Estructuras harmónicas: Os acordes en inversión. Desenvolvemento por inversión. Enlaces. 1.2 Patróns rítmicos, melódicos e de acompañamento da música do clásica e moderna. 1.3 Tonalidades maiores e menores. Escalas modais. Outras escalas. Círculo de quintas. Graos I-II-III-IV-V-V7-VI- VII-V do V. 1.4 Cifrado harmónico. Cifrado americano. 1.5 Variacións rítmicas, melódicas e na textura. 1.6 Estructuras harmónicas de oito compases | 6 |
| 2. Creación melódica | 2.1 Construción do motivo con notas reais, notas de paso, floreos, apoiaturas, anticipacións e retardos. 2.2 Desenrolo de motivos e adaptación ás diferentes estruturas harmónicas por enlace e/ou transporte 2.3 Melodía eixo. 2.4 Células, motivos, semifrases e frases. 2.5 Frases de oito compases. Pregunta-resposta. 2.6 Creación melódica en base as harmonías traballadas. 2.7 Música descritiva e programática. | 2 |
| 3. Improvisación e Acompañamento | 3.1 Improvisación e acompañamento aplicado ás artes escénicas e audiovisuais. 3.2 Improvisación imitativa e libre en base aos contidos traballados | 6 |

| | | |
|---------------------------------|--|-----------------|
| 4. Repaso dos contidos tratados | 4.1 Repaso, afianzamento e traballados cuestións que poidan xurdir sobre os contidos | 2 |
| TOTAL SESIÓNS: | | 16 ² |

¹ Ler o punto 8: Observacións, desta programación

² Ler o punto 8: Observacións, desta programación

| 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA | | | |
|--|---|---|-------------|
| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
| Práctica de aula: Traballo pormenorizado dos contidos propostos, partindo do máis sinxelo ao máis complexo, traballando os aspectos máis técnicos nun primeiro lugar e aplicándoos posteriormente a tarefas máis creativas. As clases terán unha compoñente principal de práctica co instrumento. Planificaranse as actividades de forma que se fomenta a participación simultánea do alumnado, impulsando así o traballo colaborativo na aula. | 16 | | 16 |
| Práctica individual: Adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas e técnicas da práctica harmónica e da improvisación ao teclado traballadas na aula. Comprenderá 1) análise do material musical sobre o que se traballa nas clases 2) preparación e adestramento dos recursos cognitivos técnicos e interpretativas necesarios para a práctica harmónica, repentización e improvisación | | 73 | 73 |
| Actividades de avaliación (de ser preciso) | 1 | | 1 |
| TOTAL HORAS: | | | 90 |
| . AVALIACIÓN | | | |
| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
| 6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA | | | |
| 6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) | | | |
| Traballo na aula | Amosar na aula unha capacidade de aprendizaxe progresiva como resultado da optimización do rendemento da práctica individual. | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X23 EI3 EI4 EI5 EI8 EI9 | 20% |
| Traballos complementarios | Seguimento do traballo individual fora da aula proposto polo docente, onde se apliquen os coñecementos harmónicos e pianísticos/do acordeón adecuadamente; amosen os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos/do acordeón, así como a escoita interna, para o acompañamento de melodías; amose coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación melódica; amose autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas, fragmentos ou melodías; e se amose o coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación. | T1 T3 T15 X8 X21 X22 X23 EI2 EI4 EI5 EI7 | 80% |
| 6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO) | | | |
| 1 Desenvolvemento de 2 estruturas harmónicas | Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos/do acordeón adecuadamente | T1 T3 T15 X8 X22 EI7 EI9 | 20% |
| 2. Harmonizar e improvisar un acompañamento a cada unha das 2 melodías dadas | Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos/do acordeón, así como a escoita interna, para o acompañamento de melodías | T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI 4 EI5 EI7 | 20% |
| 3. Improvisar unha frase sobre cada un dos 2 motivos dados | Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación melódica | T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI4 EI5 EI7 | 20% |
| 4. Improvisación sobre 2 pezas, fragmentos e/ou melodías concretas de diferentes estilos aportados polo profesor, tendo en conta os aspectos formais, melódicos, rítmicos e/ou harmónicos das mesmas | Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas, fragmentos ou melodías. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación. | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI8 EI9 | 40% |
| 6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA, máis de 4 faltas) | | | |
| 1 Desenvolvemento de 2 estruturas harmónicas | Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos/do acordeón adecuadamente | T1 T3 T15 X8 X22 EI7 EI9 | 20% |
| 2. Harmonizar e improvisar un acompañamento diferente a cada | Amosar os coñecementos harmónicos, meló- | T1 T3 T15 X2 X8 | 20% |

| | | | |
|---|--|--|-----|
| unha das 2 melodías dadas | dicos e pianísticos/do acordeón, así como a escoita interna, para o acompañamento de melodías | X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17 | |
| 3. Improvisar unha frase sobre cada un dos 2 motivos dados | Amosar coñecemento dos procedementos construtivos para a improvisación melódica | e elementos para a T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17 | 20% |
| 4. Improvisación sobre 2 pezas, fragmentos e/ou melodías concretas de diferentes estilos aportados polo profesor, tendo en conta os aspectos formais, melódicos, rítmicos e/ou harmónicos das mesmas | Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas, fragmentos ou melodías. Amosar coñecemento dos procedementos construtivos para a improvisación. | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19 | 40% |
| 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA | | | |
| 1 Desenvolvemento de 2 estruturas harmónicas | Aplicar os coñecementos harmónicos e pianísticos/do acordeón adecuadamente | T1 T3 T15 X8 X22 E17 E19 | 20% |
| 2. Harmonizar e improvisar un acompañamento diferente a cada unha das 2 melodías dadas | Amosar os coñecementos harmónicos, melódicos e pianísticos/do acordeón, así como a escoita interna, para o acompañamento de melodías | T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17 | 20% |
| 3. Improvisar unha frase sobre cada un dos 2 motivos dados | Amosar coñecemento dos procedementos construtivos para a improvisación melódica | e elementos para a T1 T3 T15 X2 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E14 E15 E17 | 20% |
| 4. Improvisación sobre 2 pezas, fragmentos e/ou melodías concretas de diferentes estilos aportados polo profesor, tendo en conta os aspectos formais, melódicos, rítmicos e/ou harmónicos das mesmas | Amosar autonomía e solvencia na lectura e análise de pezas ou fragmentos. Amosar coñecemento dos elementos e procedementos construtivos para a improvisación | T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 E12 E13 E14 E15 E17 E18 E19 | 40% |
| <p>Observacións: No caso da avaliación continua, aínda que se avalía e cualifica cada unha das clases para obter a cualificación final en base ás porcentaxes indicadas, poderá realizarse un exame ó final do cuatrimestre, en caso de querer obter unha cualificación superior á conseguida coa media resultante da avaliación diaria. O exame será o mesmo que para a avaliación alternativa e a extraordinaria. Nese caso, a cualificación final, será a nota media entre a resultante da avaliación continua e a obtida no exame realizado.</p> <p>SISTEMA DE CUALIFICACIÓN: Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31) 0-4,9: Suspenso 5,0-6,9: Aprobado 7,00-8,9: Notable 9,00-10: Sobresaliente</p> <p>PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA DE HONRA: A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20% dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuatrimestre, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderá concederse unha soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos e alumnas atópanse nesta circunstancia, poderán realizar unha proba específica como a proposta para a avaliación alternativa obtendo matrícula de honra o alumnado que obteña a cualificación maior na mesma.</p> | | | |

| 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS | |
|--|--|
| DESCRIPCIÓN | CRITERIOS E PAUTAS |
| <p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p> | <p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.</p> |



8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Aebersold Jazz, J. (1967/1994) *Como improvisar y tocar Jazz (6ª ed.)*. Spanish Edition.
- Ansins Arbó, Miguel (2004) *Teoría y práctica del bajo cifrado, en su realización al piano*. Madrid: Real Musical.
- Bach, J. S. por García Vázquez, J.R. (2010) *22 pequeños preludios. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa
- Bach, J. S. por García Vázquez, J. R. (2008) *15 invenciones a dos voces. Análisis y metodología de trabajo*. Madrid: Enclave Creativa.
- Bernaudo, A. y Desportes, I (2003) *Manual práctico para el reconocimiento de los estilos desde Bach a Ravel*. Madrid: Real Musical Cortada, M.
- L. (2003) *Teoría y práctica del bajo continuo*. Barcelona: DINSIC Publicaciones Musicales, S.L.
- Coker, J. (1964) *Improvisando en Jazz*. Buenos Aires: EDITORIAL VICTOR LERU Ferrer, Ferran (2001) *Acompaña y disfruta*. Valencia: Impromptu Editores, S. L.
- Lorenzo de Reizábal, A., Olabarrieta Zaro, J. (2010) *Improvisación: De la teoría a la práctica*. Barcelona: Editorial Boileau. Levine, M. (2003). *EL libro del Jazz Piano*. EEUU: Sher Music Co.
- Molina, E.(1990). *Improvisación al piano. Volúmen 1. Ejercicios fundamentales*. Madrid: Real Musical (reeditado por Enclave Creativa.
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Voúmen 2. Desarrollo de estructuras armónicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa)
- Molina, E. (1994). *Improvisación al piano. Volúmen 3. Estructuras melódicas*. Madrid: Real Musical. (reeditado por Enclave Creativa)
- Molina, E.; Molina C.(2006) Burgmüller. 25 estudios fáciles para piano. Op 100. Análisis y metodología de trabajo. Madrid: Enclave Creativa
- Molina, E; Cisneros, J; Doña, I; Rodríguez, J.(2007). *Improvisación y acompañamiento. Voúmen 1*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L
- Molina, E; Cisneros, J; Doña, I; Rodríguez, J.(2007). *Improvisación y acompañamiento. Voúmen 2*. Madrid: Enclave Creativa Ediciones S.L
- Oltra, M. (2003). *Ejercicios de acompañamiento*. Barcelona. Ed. Boileau. Real Book I-II
- Toch, E. (2001). *La melodía*. Barcelona: Idea Books.
- Toch, E.(2001). *Elementos constitutivos de la música*. Barcelona: Idea Books

9. OBSERVACIÓNS

O tipo de contidos desta materia fai imposible na maioría dos casos a organización deles en sesións illadas e perfectamente delimitadas. A materia, eminentemente práctica, é de carácter tanto acumulativo como continuado e depende en gran medida da particularidade de cada alumno, pois hai grandes diferenzas en canto a velocidade de aprendizaxe e asimilación dos contidos. **Unha vez estudado, estes repítense unha e outra vez ao longo de todo o cuadrimestre, non quedando relegados só á sesión onde se introduciu.**

O repertorio por curso incluírá as pezas ou fragmentos de diferentes estilos necesarios para traballar os contidos propostos.

Dado que o número de semanas non coincide co número de sesións adaptarase cada curso segundo número e colocación dos festivos e as diversas actividades do centro modificando se fora necesario no propio curso o número de sesión asignadas a cada tema; en ningún caso se incluírán temas deste curso no seguinte.